



ACTA Nº 2022/14

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 9 de decembro de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
CONCELLEIROS/AS: RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA M ^a TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
M ^a VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
AUSENTE: SARA BEIRO BLANCO
SECRETARIA ROCÍO HERMIDA CANCELA
INTERVENTORA ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2022.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. **Proposta da alcaldía relativa á aprobación inicial do Orzamento 2023. Expediente Nº 2022/T004/000001.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando o seguinte **DITAME**:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 1 de decembro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2023.
EXPEDIENTE Nº 2022/T004/000001.**

Considerando a seguinte Proposta:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Inicial Orzamento 2023.

EXPEDIENTE Nº: 2022/T004/000001

Formado o Orzamento Municipal deste Concello correspondente ao exercicio económico 2023, así como, as súas Bases de Execución e o Anexo de persoal comprensiva de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o contido do informe da Sra Interventora municipal, de data 29 de novembro de 2023.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal deste Concello, para o exercicio económico 2023, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	5.883.389,44 €
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	2.267.973,50 €
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	3.378.790,94 €
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	2500 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	234.125 €
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	363.674,64 €
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	313.674,64 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	50.000 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	6.247.064,08€

ESTADO DE INGRESOS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	6.197.064,08 €
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	2.382.340,80€
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	100.000€



CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	767.887,12 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	2.894.474,32 €
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	52.361,84
A.2. OPERACIÓN DE CAPITAL	50.000 €
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	0,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	50.000 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	6.247.064,08 €

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o anexo de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Municipal, as Bases de Execución e anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á *[órgano de goberno da Comunidade Autónoma]*.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 5 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta, hai informe de conformidade por parte de Intervención, consta memoria que se lles dou traslado, tivermos tres comisións no que foi tratado o tema do orzamento e dou a palabra o Sr Domínguez García.

Sr Domínguez García: xa lle dixen que nos vimos con toda idea de facilitar a súa aprobación mediante abstención ou aprobación pero xusto en plena tramitación dos presupostos che largan un ataque foribundo contra o noso candidato que non viña o caso para nada nin tiña que ver co tema nin nos tampouco, que eu o contrario, o principio lle dixen si quer ir a Santiago que quen levaba o tema era María Baleato e miramos e por riba di que os presupostos anteriores habiamos votado porque íamos poñer moción de censura, si tiñamos presupostos aprobados porque senón nos non sabiamos facer con esas premisas como comprendera si votamos agora porque vai ser? pola moción de censura non está prevista, entón sentindo moito vamos votar en contra.

Sra alcaldesa: si é unha cuestión política ou de debate político lle leva a un partido como o PP a votar en contra dos presupostos, en contra dos intereses dos veciños de Cee xa Vde dixo todo.



Exp. 2022/G010/000014

Sr Domínguez García: os intereses dos veciños de cee son os mesmos este ano cos dous de atras, levamos dous sen presupostos un mais non pasa nada, si houbera o mais mínimo prexuízo o PP votamos os presupostos pero si tivo dos anos sen aprobarse non vai pasar nada non vai morrer ninguén, insisto si usted nos insulta practicamente por aprobar dous presupostos, non di o que nos di despois de haber atacado o noso candidato xa non miramos os presupostos con ganas de aprobalo. Sra alcaldesa: estos presupostos con relación o último ano non ten nada que ver porque durante este último ano sacáronse a licitación a xestión de residuos, o tema do SAF incrementouse considerablemente ditas contías que supón mais gasto, un incremento considerable na recollida da xestión dos animais ata 70000 euros consecuencia dos gastos que tivermos neste último ano, son uns presupostos pensados igualmente para un incremento das subvencións das diferentes asociacións: Amigos da Xunqueira, subvencións para un montón de asociacións e incluso culturais que ata agora non se lle viñan dando, vou a nombrar todas:

Cáritas Diocesana de Santiago- Parroquia de Cee.
Unión Club Cee
ACB Costa da Morte
Asociación Deportiva Olimpia Cee
S.D Ameixenda
Club Arte e Movemento
Fútbol Sala Feminino Villa de Cee
Fundación Fernando Blanco
Atlético Pereiriña Fútbol Club
Club Cee de deportes de contacto
VIRAXES SL
Asociación Comisión de festas da Xunqueira de Cee
Asociación de amigos da Banda
Asociación cultural Terra de Sena
SDC Brens
Coral Polifónica Costa da Morte
Asociación cultural banda de música de Cee
SDRC Fumes do Cal
Asociación cultural Peta Forte
A.R.C.E Pedras Miúdas
AA..VV. TOBA
A.A.V.V AS CALDEIRAS DE GURES
Asociación Pan de Raposo
Asociación de amas de casa, consumidores y usuarios

Sr.Domínguez García: os presupostos xa os vimos

Sra alcaldesa: eu podo contestar o que queire ou me vai dicir ...

Sr Domínguez García: xa os vimos

Sra alcaldesa: pero estou recordando e cales son os motivos de que estes orzamentos son diferentes

Sr.Domínguez García: xa os había o ano pasado e os anteriores, todas esas asociacións poden levar a mesma subvención. dámoslle un pouco mais de choio a interventora pero pódese facer exactamente igual nadie vai, esta no Plan Estratéxico de Subvencións deste ano.

Sra alcaldesa: ten que ter partida presupostaria, o orzamento incrementase en relación o último en 505677,48 euros, inclúe tamén tal e como se explicou na memoria correspondente a modificación que leva consigo que se está a negociar non soamente a RPT senón da estabilización dos postos de traballo obrigatorios por lei.



Sr.Domínguez García: según Vde os anteriores non se aprobaban pola RPT, agora é necesario agora non se podían facer pola RPT.

Sra alcaldesa: son necesarios e con proceso de estabilización incrementan os salarios.

Sr.Domínguez García: pode facer todo exactamente igual

Sra alcaldesa: non se pode facer, si non se aproban os presupostos non se pode continuar coa negociación da RPT

Sr.Domínguez García: mellor é aprobar todos os anos pero levamos dous sen eles e ninguén vai morrer por un ano mais, aprobamos os dous primeiros porque se levaba moito tempo, esa foi a razón. hubo negociación

Sr.Domínguez García: ningunha so que iamos facilitar

Sra alcaldesa: aí chegamos

Sr.Domínguez García: lle dixen saque presupostos que os imos aprobar

Sra alcaldesa: hubo negociación?

Sr.Domínguez García: ningunha

Sra alcaldesa: aí esta, xa está

Sr.Domínguez García: iso xa o dixen eu, que non había posto nin unha coma o presuposto, xa o dixen eu cando se aprobaron que non había posto nin unha coma.

Sra alcaldesa: non hubo negociación o PP aprobou e xa está.

Sr.Domínguez García: e cumprimos coa palabra.

Sra alcaldesa: tal cual.

Sr.Domínguez García: esta vez dixen imos mirar coa idea de facilitar a aprobación pero xa lle dixen as razóns pola que non imos aprobar.

Sra Iglesias Lema: bueno si primeiro non sei que fixemos nos IXCee cando non se aprobou o presuposto estando Vde aqui tamén, as subvencións cobraban igual, agora vamos o que nos, o acometido de hoxe, partindo da base que os presupostos fanse como estimación que non pode transcribir os resultados do presuposto anterior sobre todo Ingresos, chámamos atención o estado de Ingresos do ICIO que triplican o do exercicio anterior e non se xustifica para nada nun análise ponderado e responsable do exercicio 2023 soamente é xustificado único e exclusivamente pola necesidade de equilibrar Ingresos cos Gastos, prodúcese unha redución substancial dos ingresos do mercado dominical o cal demostra polo goberno o pouco interese que ten por un dos motores mais importantes da economía local sobre todo para o sector hostaleiro, multiplica tamén por 4 a previsión de ingresos por multas que supón un planteamento agresivo coa cidadanía e recordando a máxima que debe acompañar sempre a policía que é advertencia, admunición, auxilio e sanción as 4 por este orde, polo que vemos non o tivo en conta neste presuposto en ningún momento. No concepto de outros ingresos segundo di o informe de intervención fai referencia a un caixón desastre, é mais ben dun sastre, porque hai moito que remendar aí, os 90.000 euros do PAM Vde explicou falounos dunha subvencións que ía 45000 euros para un lado, futuribles subvencións, non deixou para nada explicado a onde van ir claramente eses cartos, entón, este presuposto estes 90000 euros do PAM non están xustificadas, na parte por si fora pouco na parte de ingresos parécenos completamente disparatado que un goberno de 4 concelleiros inda que durante este mandato consideraron 7, pero son 4 non se olviden dun mesmo grupo, perciban 3 salarios, 2 de membros corporativos e un de persoal eventual, entón Vde ten que darse conta que para IXCee estes presupostos son un claro reflexo destes 3 anos e pico que leva Vde de mandato, nos que ningún momento falou con ninguén da oposición nos que Vde gobernou como si tivera 7 maioría absoluta e ten 4, e hai 3, 3, 3, 2 e un e Vde ten 4 e non contou con nos e como non pode ser doutra maneira si non conta con nos nos presupostos tampouco, o grupo IXCee vai votar en contra.

Sra alcaldesa: empezando polo ultimo recórdolle que na lexislatura pasada erades 3 porque tíñades mala sorte porque en todas os concelleiros se ían, deixaban o seu grupo pero erades 3 e nin unha soa vez salvo nas comisións puntuais que soamente se celebraba unha sobre una materia a diferencia desta que sobre un determinado punto varias comisión non hubo comunicación algunha polo menos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



co partido socialista co resto non sei, non sei si co BNG que tiñan relación mais estreita pero co Partido socialista comigo que era voceira non había ningún tipo de relación e comunicación por parte do alcalde, é mais as únicas dúas conversas foi, unha que falei con el, co anterior alcalde polo tema do traslado do INEM, unha iniciativa que fixera eu e que el atendeu a esa iniciativa que iniciamos se iniciaron os tramites correspondentes que cando cheguei a alcaldía estaba todo paralizado, iniciamos de novo a tramitación correspondente durante mais de tres anos incluso con comisións tratando o tema e aprobado por unanimidade da Corporación a que agradezo esa aposta do traslado do servizo galego de colocación, do SEPE para antiga escola de musica e encontrarme coa situación de agora por unha decisión e unha cesión aprobada por unanimidade, a xunta ca decisión sin comunicación algunha o concello nin alcaldía nin sequera tampouco o Sepe, porque me puxen en contacto co director provincial, e non tiña comunicación sobre o cambio de decisión e apostar por sacar a licitación e mercar un baixo, soamente tratei ese tema e fui a iniciativa miña co anterior alcalde. Despois o que di Vde respecto a ICIO explicou a interventora que os datos respecto os Ingresos son reais do último ano, o explicou na comisión correspondente e con isto igualmente co mercado dominical, si que hai un interese que está funcionando ben, cando cheguei aquí era un desastre como estaba o mercado dominical os domingos, basta escoitar a xente, si é certo que está en tramitación, hai bastantes procesos de recadación de xente que adeuda, concederon prazos para fraccionar pagos dada situación económica da Covid, porque sempre nos esquecemos que aquí levo 3 anos pero mais dun ano e pico moi complicado, con Covid e a situación administrativa de xestión era bastante difícil e non comparable con outras lexislaturas, respecto o tema das multas son a recadación do último ano e respecto o PAM é sorprendente que despois dunha memoria onde se explica o PAM que estamos falando de 90.000 euros que parece que son 900.000 euros, que vai para adquisición de terreos correspondentes para facer depuradora, para aportación do POS, Casa da Cultura de Brens e Pavimentación en Morancelle explicado con cantidades, despois para o tema da eficiencia enerxética en Valiñas, a cantidade restante de 40.000 euros, 50000 como expliquei claramente na propia memoria temos solicitadas o ano pasado por importe cun 949016,44 euros, aportación municipal 161310 euros e agora neste momento temos solicitadas pendentes de concesión, o revés temos que aportar agora 161000, concretamente: Apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtos de comercialización cun orzamento 682.440,00 €, Auditoría municipal da rede de saneamento para a detección de infiltracións cun orzamento de 18.750,00 € e cunha aportación municipal de 3.750 euros, Proxecto de instalación de fotovoltaica na piscina municipal cun orzamento de 108.954,57 € e unha aportación municipal de 27.954,47 €, Modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais (Iluminación e son do Auditorio Municipal) cun orzamento de 37.211,16 € e unha aportación municipal de 11.166,35 €, Convenio reforma interior centro social cun orzamento de 101.660,71, si nos concederan todas as subvencións a aportación municipal sería de 161310,82 euros, certo que algunha está pendente de resolver que serán en xaneiro, febreiro evidentemente teremos que renunciar a elas no caso de non aprobarse os orzamentos, e se facemos unha comparativa con relación o ano pasado das subvencións solicitadas e concedidas e que está todo executado a aportación municipal foi de 88253 euros sen ter en conta as subvencións que agora saen en xaneiro como a de Agader, unhas que saen para polígonos industriais e demais que tamén ten aportación municipal, entón creo que 50000 euros non están suficientemente xustificadas cando temos subvencións cunha cantidade substancial que supón un beneficio clarísimo para Cee 949016 euros Vde mesmo o di.

Sra Iglesias Lema: a ver por onde vou porque con este baile de números vai ser complicado, dende que chegou a este mandato, cada vez que dicíamos que si falara con alguen tiña unha reunión tal día tal hora, daba nome e apelidos, hora nunca soubemos o que pasaba nin nesa reunión nin nada, sempre chegou dando números, nomes, días e horas sin aclarar nada sigue igual, agora con este baile de números non vou a memorizar nin estar aquí apuntando o que me está dicindo que a verdade si non lle crin nestes 3, 3 e pico de anos a vista está, dame igual completamente o que di agora, respecto o mercado dominical a vista está baixou substancialmente os ingresos non invento está aí,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



no presuposto vese perfectamente, respecto o que di do SEPE evidentemente aquí, a este pobo todo chegou por Vde, si non por Vde por papá en mi opinión.

Sra alcaldesa: mire no falte al respecto a ninguna persona que no está presente en esta corporación.

Sra Iglesias Lema: en mi opinión, al juzgado.

Sra alcaldesa: le llamo al orden Sra Iglesias, le hago la primera llamada.

Sra Iglesias Lema: cando queire bóteme.

Sra alcaldesa: es la primera vez pero no le voy a permitir.

Sra Iglesias Lema: bueno pues mi papa.

Sra alcaldesa: Sra Iglesias segunda llamada al orden.

Sra Iglesias Lema: vale pues venga va, o SEPE gracias a Vde non, gracias a xestión do alcalde naquel momento, xa sabemos que gracias a Vde agora o Sepe marcha de onde ía estar, gracias a Vde non conseguiu o obxectivo que era que estivera na antiga escola de música gracias a Vde e a parte de iso tamén dixo comentou algo do BNG que con Vde no mandato anterior non se falou, perdoe nesta corporación aparte de Vde e BNG está PP e estaba cidadanos e un concelleiro non adscrito que se marchou do voso partido non do noso, recordollo non sei porque di que falamos con BNG falamos con todos, todos, menos con Vde, a nosa posición cos dos orzamentos está clara, pode traer o baile de números que queire e poñerse a bailar tamén e botar fora do pleno se quere tamén que me da igual, Vde xa marchou unha vez de motu propio que lle encantou facer espectáculo, eu marchou si me bota encantada que así xa me marchou antes, eso todo o que teño que decir respecto os presupostos.

Sra alcaldesa: simplemente dicir que todos os datos que din están na memoria, non fai falta memorizar.

Sr Domínguez Louro: efectivamente están na memoria os datos e a memoria moitas veces falla cando non está plasmada no papel e unha lástima que se escoiten cando lle contesta a outro grupo político que teña que poñer o BNG no medio, si Vde quer e é feliz facendo eso tampouco quero sacarlle a ilusión, dixeron unha vez nun pleno que era telemáticos que si ten duda que me pregunta a min que lle contesto encantado da vida e non vou mentir nunca, encargouse antes de nomear o BNG, de excusar o compañeiro do PP a aprobación daqueles orzamentos do 2019 e 2020 e hai un dito que di que *excusata non petita excusata manifesta*, en calquera caso quería falar exclusivamente dos orzamentos que é o tema que nos trae aquí e non embarrar o terreo a pensar que os nervios están a flor de piel e demais, si é certo que non se debe nomear as persoas que non están aquí, pero eu aproveito esta ocasión tamén para recordarlle a Vde que tamén Vde no seu día nomeou a persoas que estiveron neste pleno que hoxe non están e para falar non ben delas, para falar mal do seu goberno, da súa estadía neste Pleno non? simplemente como apunte digo para que sexamos todos conscientes e non vexamos o lixo no ollo alleo, en calquera caso indo o tema dos orzamentos, o BNG non agora senon no 21 e 22 fixo unha proposta a este goberno para negociar os orzamentos e foi sempre e este ano tamén unha proposta realista, pensamos nos unha proposta sincera, negociable, e que contando os dous concelleiros do BNG e 5 que ten Vde podería facer realidade a aprobación dos orzamentos do 23, 22 e 21, no 21 e 22 non quixo Vde no 23 trae este borrador, nos fixemos unha proposta como dicía, que pensamos de tinte social, de tinte cultural, de tinte de manter o que temos para non ter que estar continuamente ano tras ano invertindo sempre cartos nas mesmas cousas hai un apartado nos presupostos que fala dunha inversión na depuradora de Estorde e Amexenda eu levo 9 anos aquí e anteriormente que seguía mais a política local pola prensa cada x tempo había inversións nas depuradora de Brens, Lires etc por aí ía a nosa proposta, en tema de seguridade porque a vida das persoas son primordiais, despois da primeira comisión fixemos esta proposta e lamentablemente non foi recollida na cantidade que nos quixemos e é certo que vde si fixo unha proposta para dar subvencións, ampliar o anexo de subvencións a entidades culturais e veciñais non a todas pero a unha boa parte, sen embargo o noso pesar non estarmos de acordo coa maneira de facer o reparto, Vde prevendo que non saian de aquí os orzamentos que xa os dous grupos que falan anunciaron o voto en contra vai ter que traelo anexo de subvencións a principios de ano e falaremos longo e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



tendido, por suposto xa lle adianto que nos temos unha proposta creo que bastante mellor que a que Vde propón pero tampouco vai ser o BNG non vai poñer paus nas rodas para que esas ou outras entidades reciban esas subvencións esas axudas porque fan un traballo inmenso botamos de menos no anexo de subvencións despois de insistir, que non se inclúan os deportistas individuais que nos representan polo mundo adiante e non recoller a nosa proposta, é así, e decidiuno así e hai que aceptalo en calquera caso xa digo o que mais nos parece sangrante neste presuposto e que si aceptara a nosa proposta volver o principio e remendar o mal feito pois é que un grupo que ten 4 concelleiros teña uns soldos por unha contía de 75.000 euros, parécenos excesivo que a veciñanza de cee teña que pagar esa cantidade para manter eses tres soldos mais cando consideramos que moitas veces se usa de maneira partidaria e partidista e non para facer o traballo que se lle encomenda, de mirar polos intereses de todos e todas porque teño que dicir que as redes sociais do concello pódense levar pero doutra maneira e non facer unha propaganda continúa do goberno e da propia alcaldesa, en calquera caso, para rematar, non se preocupe Vde si non lle saen aprobados o BNG vai a volver no 2023 a ter a man tendida para sacar aqueles temas que sexan importantes para cee, vitais para cee e volveremos a falar si Vde quere inda que sexa pouco e intentaremos sacar cousas adiante como intentamos no 2021 e 2022 en plena pandemia en onde gobernar sería difícil pero facer oposición moito mais.

Sra alcaldesa: Sr Domínguez Louro con relación as peticións que o BNG presenta na súa maioría están incluídas nos orzamentos, vale, por un lado respecto as entidades culturais e veciñais incrementase en mais de 30.000 euros para poder darlle esas subvencións correspondentes, respecto o tema das depuradoras a de Ameixenda estase para recepcionar a obra, totalmente reparada, a de Gures non presenta ningún tipo de problema e con respecto a Estorde e Lires fixéronse actuacións nas depuradoras correspondentes. Tamén facía referencia na súa proposta, adecuación dun plan de camiños e recollida de augas no rural coa dotación da partida económica necesaria, cunha partida de inversión que nos queda en 90.000 e en mantemento e conservación 165.000 para poder optar a facer o resto evidentemente hai que optar as diferentes subvencións que hai, as aportacións municipais correspondentes cos orzamentos de cee non chega, a non aprobación dos orzamentos supón ter 500.000 euros menos, así que, esa proposta que presentaredes nun futuro con respecto as subvencións evidentemente non poderá ser do xeito que vai a propoñer porque non temos orzamento para poder facelo. Despois falaba tamén dun plan de choque para rematar coas beirarrúas arquitectónicas e seguridade vial pero hai que ir a subvencións, das que sempre teño falado, a través dun plan de mobilidade de fondos europeos, despois falaba de colocación de iluminarias en cada paso de peóns existente nas avenidas, evidentemente hai que mellorar iso pero irían en mantemento e conservación e a resposta, bueno Vde remata o seu escrito dicindo como ten pasado noutras ocasións a resposta a nosa proposta e que para facela realidade hai que sacar cartos doutras partidas, o cal é evidente, e propoñemos coma sempre, que se reduzan os soldos do equipo do goberno para facer fronte a estas partidas é dicir que nin a alcaldesa nin a concelleira de servizos sociais perciban o salarios correspondentes polo traballo que están a desenrolar neste concello que guste ou non guste vese, e os veciños e veciñas de cee o perciben e nótase porque é obxectivo.

Sr Domínguez Louro: podería replicar?

Sra alcaldesa: como non falaba.

Sr Domínguez Louro: non esperou nin dous segundos, en calquera caso mire o das depuradoras non o digo eu, cada vez que se fai un informe polo técnico correspondente polo enxeñeiro correspondente fala sempre que as depuradoras teñen eses problemas porque non se fai un mantemento adecuado, entón está ben, está ben facer e o BNG votou a favor desas obras e inversións o problema é que si reparas algo e o deixas vai acabar morrendo e dando problemas e vai volver o punto de inicio e isto é o que estamos facendo sempre e é o que digo que hai que evitar en calquera caso, Vde sempre fala das subvencións pero gobernar un concello é mais que aproveitar subvencións está ben aquí todos votamos a favor das partidas necesarias para pedir subvencións pero claro pasa sempre o mesmo, hai unha subvención e imos faga un análise real do que fai falta e do que non, faleille da rotonda de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Pereiriña pode ser cuantiosa pero seguimos pensando que aquela rotonda é innecesaria e vai dar mais problemas do que vai facilitar as cousas como o resto de ampliar as rúas que coincidimos plenamente, en calquera caso en Pereiriña faría mais falta unha actuación en saneamento que aproveitar unha subvención para unha rotonda, en calquera caso é evidente que hai diferenzas entre o BNG e o PSOE neste Concello, terá que ser así e supoño que seguirá sendo así pero nos soldos insistimos pero non manipule a realidade porque están as actas que tanto lle gustas e pode comprobar que quen fala diso que estabamos totalmente de acordo no seu soldo, do alcalde e alcaldesa, estaremos de acordo que a persoa que governe e presida un concello teña que ter soldo e dedicarse en corpo e alma a partires de aí hai que falalo e ver que é necesario ou que non é necesario que é luxo ou que non é luxo, nos non o dicimos agora xa llo dixemos daquela e así votamos en contra dos dous soldos e como Vde insiste en volver a mesma que hai que sacar de un lado para meter en outro nos desta vez xa llo dixemos, si non quer esforzarse en sacalo doutro sitio saque de aí, a proba de que Vde non quer negociar e acaba de dicir que varios dos puntos xa van aí incluídos claro e que dos 9 puntos hai 4 ou 5 que son tan ambiguos que podería negociarlos perfectamente pero non os quixo negociar supoño que non quererá darlle protagonismo o BNG para que apoie os seus 5 votos, pois non pasa nada Vde siga e nos seguiremos e non pasa absolutamente nada, cada un elixe os seus compañeiros de camiño inda que despois coma no caso do PP agora se estean metendo cousas a cara de cando se apoiaron, pois non pasa absolutamente nada as cousas son así e teñen que pasar e pasan.

Sra alcaldesa: tres cuestións nada mas, co Sr Domínguez non estou volviendo nada a cara estáballe dicindo que non habían sido negociados os presupostos non houbo condición ningunha.

Sr Domínguez Louro: a excusa non petita

Sra alcaldesa: Sr Dominguez Louro por favor eu non lle interrompín.

Sr Domínguez Louro: non vou interrompir mais que me vai chamar a atención

Sra alcaldesa: eu lle interrompín?

Sr Domínguez Louro: non non siga por favor perdona disculpe a interrupción.

Sra alcaldesa: pois vai bo de dicir nas redes sociais, por activa e por pasiva que había unha negociación encuberta entre o Sr Dominguez e eu para aprobar os presupostos anteriores que non é certa como acaba de manifestar o Sr Domínguez non houbo ningún tipo de negociación, con relación sempre insiste nas redes sociais do concello, mire as redes sociais do concello son do concello as miñas persoais lévoas eu e publico o que me da a gana, as veces mezclan, non teñen nada que ver as miñas as levo eu, despois Vde leva case dez anos como concelleiro.

Sr Domínguez Louro: 9 dixen antes

Sra alcaldesa: 9 anos como concelleiro, mire a vía de Pereiriña a rotonda de Pereiriña toda esa vía é da Deputación provincial non é unha subvención a fai directamente a deputación provincial non é unha subvención a decisión da rotonda é técnica que ven da deputación provincial pero non é unha decisión persoal miña nin unha subvención, nin do equipo do goberno é unha obra da deputación.

Sr Domínguez Louro: pois dígalle que non fai falta ademais é do seu color.

Sra alcaldesa: eles son técnicos e non coinciden para nada

Sr Domínguez Louro: ojalá non sean os do heliporto de Ruíbo.

Sra Iglesias Lema: igual que el campo de fútbol que no es necesario dígaselo a la diputación por favor, si está a tiempo, dígaselo .

Sra. alcaldesa: para hacer es mejor lo que usted hizo en la legislatura pasada que no hicieron nada, y cuando llegamos llovía en todas las partes hasta en este concello, calderos de agua, centro de salud, calderos de agua, casa da cultura, caldeiros de agua en todos os sitios, un desastre, fué, de verdad peor no se podía haber dejado un concello como dejaron ustedes en la legislatura pasada.

Sra Iglesias Lema: Y vino usted detrás.

Sra alcaldesa: Vine yo y lo arreglé

Sra Iglesias Lema: lo estamos viendo

Sra alcaldesa: se ve por eso.



Sra Iglesias Lema: arrieritos somos
Sra alcaldesa: la pena es que no aprovechara usted el tiempo cuando estuvo en el gobierno.
Sra Iglesias Lema: aparte de eso dígame
Sra alcaldesa: mire Sra Iglesias, la rotonda de Pereiriña es una cuestión técnica de la diputación y sumamente necesaria aunque ustedes como son técnicos, ingenieros.
Sra Iglesias Lema: no, no, no le conviene cuando dice que es una cuestión técnica única y exclusivamente, que hace usted? como hace, perdone, olle por favor llame al orden que a mi no me va hacer su concejala nada asi, no la ve?
Sra alcaldesa: yo no he visto hacer nada de eso.
Sra Iglesias Lema: a, usted no la ve?, pues cuando vea el video la va a ver, como acostumbra hacer esas cosas, contrólese por favor.
Sra alcaldesa: no falte al respeto.
Sra Iglesias Lema: ella no falta al respeto?.
Sra alcaldesa: a ella no le escuché nada.
Sra Iglesias Lema: y esto? hacer asi que es?
Sra alcaldesa: no falte más al respeto
Sra Iglesias Lema: hacer esto asi que es?
Sra alcaldesa: no falte usted más al respeto.
Sra Iglesias Lema: me faltó al respeto su compañera de partido, hacer así que es?
Sra alcaldesa: Puede parar?
Sra Iglesias Lema: Le pregunto que significa hacer asi?
Sra alcaldesa: Sra Iglesias, salga del pleno, abandone el pleno.
Sra Iglesias Lema: Me echa?
Sra alcaldesa: Si

SAE DO SALÓN DE PLENOS D^A PILAR IGLESIAS LEMA POR EXPULSIÓN E D^A CARMEN DÍAZ FREIRE ABANDONA A SESIÓN.

Sr Domínguez García: si me permite soamente unha cousa que dixo que con este presuposto se perden 500000 euros si non se aproba.
Sra alcaldesa: abandonen el Pleno por favor.
Sr Domínguez García: si non se aproba se perden 500 000?
Sra alcaldesa: no no hay 50000 euros menos, se prorrogan Sr Domínguez, se prorrogan no dije perder dije que había 500000.
Sr Domínguez García: da misma forma que no anterior e no anterior que non se fixeron tampouco
Sra alcaldesa: Sr Domínguez ya le expliqué anteriormente que usted lo entiende perfectamente que el tema es que sacamos a licitación gestión de residuos, limpieza y eso incrementaron un montón las partidas, los gastos, el SAF pasamos de 300000 a 500000.
Sr Domínguez García: insisto eso se pode resolver perfectamente sen presupostos aprobados.
Sra alcaldesa: bueno vale si usted piensa asi.
Sr Domínguez García: con un pouco mais de traballo a interventora, sinto por ela, case tiven a punto de ...
Sra alcaldesa: tenía que contestar otra cosa al Sr Domínguez Louro pero ya se me, no se, un tema era la rotonda y no se que me había comentado, nada mas, es igual.
Sr Hermida: dende o noso grupo vansen votar os presupostos a favor, dende logo sabemos que este concello se non é polas subvencións, hai un presuposto que hai e as subvencións en principio son moi necesarias dixen xa dende o principio de mandato está recollido en varias propostas das que nos vimos aportando sempre e non pode ser doutra maneira que votar favorable e mais recordar que non estou nin formo parte do goberno estou na oposición coma os demais.



-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Proposta da alcaldía e acádase empate [5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto, 1 abstención de D^a Carmen Díaz Freire (artigo 100 ROF-ausencia Salón de Sesións-) e 5 votos en contra dos grupos políticos PP e BNG].

Intervén a Sra alcaldesa: 5 - 5 voto de calidad.

Consonte co artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro -ROF- procedería efectuar unha segunda votación que non ten lugar.

FAI ENTRADA NO SALÓN DE PLENOS D^a CARMEN DÍAZ FREIRE

Sra alcaldesa: no puede incorporarse al Pleno, ya hemos votado.

Sr Pérez Martínez: non estaba expulsada.

Sra alcaldesa: la secretaria que diga, ya se votó.

Sra Díaz Freire: expulsó a mi compañera sin motivo ninguno, dígame el motivo, porque esa Sra hizo así, le faltan al respecto cuando a usted le conviene, ella le dijo que hizo así nada más.

Sra alcaldesa: no voy a contestar más.

Sr Pérez Martínez: está expulsada Camola?

Sra alcaldesa: ya se votó, la secretaria es la que toma la decisión.

Sr Pérez Martínez: esta legislatura caracterízase

Sra alcaldesa: No tiene la palabra.

Sr Pérez Martínez: polo diálogo unha exhibición de diplomacia.

Sra alcaldesa: abandonó voluntariamente el pleno.

Sra Díaz Freire: por solidaridad con mi compañera porque la echó sin motivo ninguno, cuando usted le conviene es falta de respecto, para los demás nunca faltan, su compañera hizo así y creo que también debería echarla a ella, es una falta de respeto también, echara a las dos!

Sra alcaldesa: si abandona no puede entrar.

Sra Díaz Mejuto: intelixible

Eu Secretaria digo que o momento da votación é o da votación, non o do debate, a votación é o debate son momentos diferentes.

Sra alcaldesa: ya se votó, entón boa noite, levántase a sesión.

Ás 20:40 horas, por orde da Presidencia, quedando sen tratar o asunto da parte non resolutive de control e seguimento da xestión de órganos de goberno (Dar conta das Resolucións da alcaldía -da N^o 1072/2022 do 18 de novembro á N^o 1094/2022 do 30 de novembro-) levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.